



Valerio Bouzas traballa na ITV de Vilagarcía e [á dereita] Ana Laura faíno na do Porriño.



PACO VILABARROS

## Eu tamén traballo

Ana Laura e Valerio son dous ordenanzas de estacións da ITV que coa súa discapacidade intelectual e espontaneidade humanizan o ambiente laboral no que se desenvolven

Eva Estévez

Ana Laura Rodríguez e Valerio Bouzas son dous dos compoñentes do equipo humano de Supervisión e Control, a empresa concesionaria do servizo de Inspección Técnica de Vehículos en Galicia dende hai cinco e catro anos respectivamente. Estes dous mozos son ordenanzas nas estacións de Porriño e Vilagarcía de Arousa e exemplifican o traballo que fan 15 discapacitados intelectuais nestas estacións. Ao igual que os seus compañeiros de posto ocúpense de que as instalacións polas que cada día pasan centos de condutores estean limpas e a punto.

Como o resto dos seus compañeiros e compañeiras de estación, Valerio e Ana Laura traballan con ilusión, pendentes de facer o seu cometido e de facilitarllo aos demais. O emprego, ademais de subírles a autoestima, deulles seguridade e unha independencia que se traduciu en calidade de vida para eles, as súas familias e os seus compañeiros de estación que viron como o ambiente laboral mellorou coa súa chegada.

“Limpo, frego, quito os lixos do

aceite, fago os carteis coas horas e pico as pegatinas”, resume Valerio, de 31 anos, natural de Catoira, que dende hai catro anos traballa a media xornada na ITV aousá. Estas tarefas tamén as realiza Ana Laura en O Porriño, que fai xornada de 8 horas en horario intensivo de 8,30 a 15,00 horas dende hai cinco anos.

“Estou contenta con este traballo e sintome moi a gusto”, explica Ana Laura de 34 anos,

de orixe uruguaio e veciña de Mos, que grazas á súa independencia económica fará realidade un dos seus soños proximamente: viaxar ao Uruguai para visitar a súa familia que non ve dende hai moito tempo.

“Tamén vou a autoescola, aínda que a deixei de momento, e practico a natación e o sendeirismo”, engade esta moza con inquietudes que pasa parte do seu tempo libre en internet para buscar información e comunicarse coa súa familia uruguaia e soña con poder ter a súa propia cabana de madeira “como as das estacións de esquí”.

A paixón polas motos, o envío de mensaxes polo móbil e dar paseos en bicicleta son as afec-

cións de Valerio que soña con poder ter a súa propia moto de cor marela. Este inquieto ordenanza ao que lle chega co co son que emite algún vehículo para saber se vai superar o exame da ITV ou non, confesa estar feliz no seu posto que non cambia a pesares de ter recibido máis dunha oferta laboral. “Varios talleres do polígono ofrecéronme ir traballar con eles pero eu estou moi a gusto aquí”, confesa Valerio, coñecido pola súa simpatía e eficiencia no entorno no que se atopa a estación de ITV, dato que corrobora Pepe Parada, supervisor da planta que define a Valerio como un empregado máis “moi voluntarioso, con iniciativa propia que sempre está disposto a botar unha man”.●

## Integración total

A rede galega de estacións de ITV normaliza dende setembro de 2000 a contratación de persoas con discapacidade intelectual. Esta decisión empresarial, que a día de hoxe conta con 15 beneficiarios, foi deseñada para as instalacións máis grandes de Supervisión e Control. “Tiñamos unha necesidade de mellorar a limpeza e orde das nosas instalacións e vimos que traballando con asociacións de discapacitados situadas preto de cada estación poderíamos integrar a estas persoas”, resume Mer-

cedes Olmedo, responsable de Recursos Humanos da empresa. “Para estes empregos, ao revés que pasa noutras empresas, primeiro creamos os postos á medida. Despois desenrolamos un período de formación e proba coa axuda dunha preparadora laboral con distintos candidatos recomendados por asociacións antes de elixir o futuro empregado”, engade Amalia Campo, psicóloga da empresa e coordinadora do proceso de selección e seguimento destes traballadores.

Despois de oito anos tanto Mercedes Olmedo como Amalia Campo consideran superado o obxectivo fundamental deste programa: a integración total e a consideración de cada unha destas persoas de entre 20 e 45 anos como un integrante máis da plantilla de Supervisión e Control.

“Non podemos negar que todo este proceso tivo dificultades, pero afrontámolas porque dende un principio tivemos claro que era un proxecto cun compromiso serio”, reconece a psicóloga.●

## PERSOAS OU PERSONAXES

Xavier López Rodríguez

Se un can ten a rabia, bóta-se á súa imaxe reflectida na auga. Iso din. Se está san, se cadra, bebe, se cadra, mexa na pucharca. Diante dun espello, tranquilas ou carrentas, as persoas temos unha maior variedade de comportamentos. Fizcañas a marzo. Hai quen se ve potente, especial. “Que animal, que guapa son”, seica dicía unha moza do meu lugar. Outros nunca se gustan, así que procuran non mirarse aos ollos. Teimas da auto estima, sempre mal repartida. Se un ve dúas cabezas no espello, de entrada tampouco ten que apurarse. Xente con dúas cabezas sempre houbo, ou non? Se non é iso, a visión pode ter que ver coa esquizofrenia, o bo e o malo que un leva dentro querendo verse no espello ao mesmo tempo. Pero tamén pode ser porque hai moita xente na casa, persoas con idénticas présas e cun só baño con espello.

Din que o sorriso é o que nos diferencia dos animais. Claro que os nosos curmáns, os monos, ou mesmo os burros, tamén amosan os dentes en acenos que sorrisos semellan. Se cadra, o que nos fai diferentes é a capacidade de simulación, a falsidade, a multitude de capas que podemos chegar a ter. Máis que animais, cebolas. Máis que persoas, personaxes. Este cara de can, será tan retorcido como parece ou terá unha segunda cara para os amigos? Este babilolo, será tan mansiño como semella ou estará agardando a que baixe os brazos para espetarme o coitelo? Somos o que parecemos ou pasamos pola vida empeñados en parecer o que non somos? Ser ou parecer, ese é o dilema. A opción, na maioría dos casos e a maior parte do tempo, é a actuación.●

